



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1  
15570 Narón (A Coruña)  
Tfno. 881 93 03 50  
les.telleiras@edu.xunta.es  
[www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras](http://www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras)



*IES As Telleiras*

# **Plan de adaptación nos laboratorios**

Medidas de prevención, protección e hixiene  
fronte ao COVID–19

**CURSO 2020 – 2021**

**Departamento de Bioloxía e Xeoloxía**

---

---

## Índice

---

---

1. Introducción.....	1
2. Limitación de contactos.....	1
3. Medidas de prevención personal.....	4
4. Uso, limpeza e desinfección do material e postos de traballo.....	5
5. Ventilación do laboratorio.....	6
6. Xestión dos residuos xerados durante a actividade.....	6
7. Xestión de casos que presenten síntomas compatibles co COVID-19.....	7
6. Uso do laboratorio como aula ordinaria.....	7
8. Planos dos laboratorios.....	8

## 1. Introducción

Sábese que o SARS-CoV-2 se transmite a través das secrecións respiratorias de persoas infectadas, principalmente polo contacto directo das mans ou cos fómites contaminados con estas secrecións (gotas de máis de 5 µm), seguido do contacto coas mucosas de boca, nariz ou ollos.

A pandemia internacional na que estamos inmersos implica a necesidade de tomar medidas de prevención, protección e hixiene fronte ao COVID-19 na organización das actividades de laboratorio para ofrecer un entorno seguro ao alumnado que garanta que ditas actividades, fundamentais na materia de 2º de bacharelato *Técnicas de laboratorio*, se realizan de xeito seguro.

Neste aspecto, consideramos fundamentais como medidas básicas para evitar a transmisión: a limitación de contactos, medidas de prevención persoal como a hixiene de mans e a ventilación e limpeza dos postos de traballo.

Para facilitar o coñecemento e cumprimento das medidas que se detallan:

- ⌘ Disporase cartelaría e sinalización en cada laboratorio.
- ⌘ Nas primeiras semanas do curso adicarase un tempo ao comezo da clase para lembrar as pautas de organización, hixiene e limpeza.
- ⌘ Ao inicio da actividade o alumnado será informado sobre as medidas e recomendacións a seguir.
- ⌘ Este protocolo estará dispoñible na Aula virtual da materia Técnicas de laboratorio.

## 2. Limitación de contactos


Manterase en todo momento (espera, desprazamento dentro do laboratorio, entrada e saída...) unha distancia interpersonal de cando menos 1,5 metros.

O alumnado agardará polo profesorado á entrada do laboratorio en ringleira de 1 gardando a distancia de seguridade evitando que se formen agrupacións durante a espera.

As actividades planificaranse de xeito que a realización da práctica supoña a mínima manipulación posible de material compartido que deberá ser hixienizado despois de cada actividade para o seu uso polo seguinte grupo de alumnado.


### ⌘ Nas entradas e saídas do laboratorio:

- ❖ Entrarase e saírase gardando unha distancia interpersonal de cando menos 1,5 metros.
- ❖ Poderase ir chamando ao alumnado pola orde na que figura na listaxe do seu grupo para a asignación de postos.
- ❖ A entrada ao laboratorio e a saída do mesmo realizarase por portas diferentes.
- ❖ Tanto a entrada como a saída serán ordenadas e continuas, de 1 en 1, deixando a distancia de seguridade e seguindo as traxectorias sinaladas no chan e que figuran nos planos de laboratorio que se achegan ao final deste documento onde:
  - As frechas verdes continuas sinalan o **traxecto de entrada** segundo o cal o alumnado entrará e irá ocupando e completando os diferentes bancos de laboratorio por orde dende o ① (o máis próximo á mesa do profesor) ao ④ (o máis afastado da mesa do profesor).
  - Os primeiros 3 alumnos dirixiranse o banco ① e ocuparán os postos dende o máis afastado (indicado coa letra A) ao máis próximo (indicado coa letra C), é dicir  $A \rightarrow B \rightarrow C$ ; como se indica no seguinte debuxo.



Isto irase repetindo ata que todo o alumnado estea no seu posto.

- As frechas vermellas a trazos sinalan o **traxecto de saída** segundo o cal o alumnado sairá por orde dende o banco de laboratorio o ① (o máis próximo á mesa do profesor) ao ④ (o máis afastado da mesa do profesor).
- Os primeiros 3 alumnos sairán do banco ① dende o posto máis próximo á saída (o A) ao máis afastado (o C), é dicir A → B → C como se indica no seguinte debuxo.



Isto irase repetindo ata que todo o alumnado teña saído do laboratorio.

Os planos xerais do laboratorio pódense consultar ao final do documento.

### ⌘ Nos postos de traballo:

- ❖ Nos bancos de laboratorio a **distancia** interpersoal de 1,5 m dos postos de traballo **delimitarase** cunha cinta no laboratorio de Xeoloxía mentres que no laboratorio de Bioloxía quedarán delimitados polas mamparas.

A reorganización dos postos para garantir unha separación mínima interpersoal de 1,5 metros implica a redución do **aforo** do **laboratorio** a 12 no laboratorio de Xeoloxía e a 8 no laboratorio de Bioloxía agás que se dote de mamparas de separación que poderá entón incrementarse a 12.

- ❖ Para evitar o desprazamento do alumnado dentro do laboratorio asignaráselle un **posto fixo** de traballo que será **mantido durante as semanas que dure a práctica**.

O posto **rotarase cando haxa** prácticas que impliquen o lavado de material (tubos de ensaio, vasos de precipitado, portaobxectos, etc...) para que haxa **quendas de lavado** en diferentes semanas.

Para facilitar este labor **en cada laboratorio haberá unha temporalización das actividades por avaliación** que indicará se esa actividade implica ou non lavado de material individual.

- ❖ Sempre que sexa posible cada alumno/a disporá de **material de xeito individualizado e diferenciado para evitar o contacto co resto dos/as compañeiros/as**.
- ❖ **Cando non se dispoña de suficiente material** para cumprir co punto anterior:
  - Poderanse programar actividades diferentes a realizar polo alumnado do mesmo grupo na mesma semana co fin de mellorar o reparto de material.
  - Cando se use material susceptible de ser compartido (colorantes, reactivos, etc...) o alumnado deberá hixienizar as mans con xel hidroalcohólico antes e despois de usar o material.
  - O material que sexa compartido, será desinfectado co spray desinfectante ao inicio da actividade e unha vez rematada a práctica.

### 3. Medidas de prevención personal

#### ⌘ Hixiene de mans.

- ❖ Será **obligatorio** o uso de xel hidroalcohólico á entrada e á saída do laboratorio.
- ❖ Fomentarase á saída do laboratorio o lavado das mans con auga e xabón.
- ❖ Lembrarase de cote que se debe evitar tocar o nariz, os ollos e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión.

#### ⌘ **Uso obrigatorio da máscara** durante toda a clase.

Lembrarase que non se debe quitar a máscara para tusir ou esbirrar.

#### ⌘ Usar **panos desbotables** para asoarse e tiralos tras o seu uso á papeleira.

#### ⌘ O **uso de guantes** realizarase exclusivamente naquelas actividades nas que sexan imprescindibles.

#### **Para facilitar o hixienizado de mans en cada laboratorio haberá:**

- ❖ Xabón e papel para o secado de mans.
- ❖ Dispensadores de xel hidroalcohólico á entrada e á saída.

## 4. Uso, limpeza e desinfección do material e postos de traballo

Cando finalice a práctica procederase a limpeza e desinfección tanto do material usado durante a actividade como dos postos de traballo no laboratorio:

⌘ Limpeza dos **postos de traballo** ao rematar a actividade:

- ❖ Cada alumno/a encargarse da limpeza e desinfección do seu posto de traballo colocando o material usado que haxa que lavar nunha bandexa da que se fará cargo o/a alumno/a ao que lle corresponda nesa semana a quenda de lavado.

Para facilitar este labor **en cada laboratorio haberá unha temporalización das actividades por avaliación** que indicará se esa actividade implica ou non lavado de material individual.

- ❖ É **obligatorio** a **hixienización de mans** con xel hidroalcohólico tanto antes de colocar o material na bandexa como despois de facelo.
- ❖ A **superficie do posto de traballo** e material (reactivos, colorantes, pinzas, etc...) non susceptible de ser lavado será desinfectado por cada alumno/a usando spray desinfectante e panos desbotables.
- ❖ Os materiais empregados na limpeza e desinfección utilizados desbotaranse nas papeleiras situadas preto dos lavadoiros procedéndose posteriormente ao lavado/hixienizado de mans.

⌘ Limpeza do **material usado durante a práctica**:

- ❖ **Para evitar o desprazamento innecesario do alumnado polo laboratorio**, minimizar o contacto co **material e garantir a distancia interpersonal** ao alumnado máis próximo aos lavadoiros lavarás todo o material empregado na actividade do seu banco de laboratorio e que seus compañeiros de banco terán depositado nunha bandexa.

Así o alumnado do banco de laboratorio ① dirixirase coa bandexa no que está o material ao lavadoiro ①, o do banco ② ao lavadoiro ②, etc...

Os bancos de laboratorio e lavadoiros indícanse nos planos de laboratorio que se achegan ao final deste documento.

- ❖ A **quenda de lavado** rotarase en diferentes semanas.

Para facilitar este labor **en cada laboratorio haberá unha temporalización das actividades por avaliación** que indicará se esa actividade implica ou non lavado de material individual.

### **Para facilitar os labores de limpeza e desinfección en cada laboratorio haberá:**

- ❖ Xabón e papel para o secado de mans.
- ❖ Dispensadores de xel hidroalcohólico á entrada e á saída.
- ❖ Spray desinfectante e panos desbotables para o seu uso nos postos de traballo.

## **5. Ventilación do laboratorio**

Con fin de manter e incrementar o subministro de aire fresco:

- ❖ Realizarase a ventilación frecuente dos laboratorios, **ao inicio e ao final da práctica** por espazo de cando menos cinco minutos e coas medidas de prevención de accidentes necesarias.
- ❖ Sempre que sexa posible realizarase **durante a clase** unha ventilación forzada cada 15 – 20 minutos abrindo portas e ventás.
- ❖ Cando as condicións meteorolóxicas o permitan, se intentará manter as ventás abertas o maior tempo posible.

## **6. Xestión dos residuos xerados durante a actividade**

Os panos de papel, que o profesorado e o alumnado empregue para o secado de mans así como os residuos xerados durante as actividades (papel de filtro, restos orgánicos (carapas de cebola, patacas, etc...)) serán depositados ao rematar a actividade nas papeleiras con bolsa colocadas nos extremos dos bancos de laboratorio.

Unha vez rematada a actividade e tras a saída do alumnado extraerase a bolsa de lixo destas papeleiras e colocarase na bolsa de lixo da papeleira con tapa e pedal situada na entrada do laboratorio procedéndose posteriormente ao lavado das mans.



## **7. Xestión de casos que presenten síntomas compatibles co COVID-19**

Ante calquera caso de alumnado que presente síntomas compatibles co COVID-19 seguirase o protocolo de actuación recollido no documento “*Plan de adaptación á situación COVID-19 no curso 2020-2021 do IES As Telleiras*” e nas instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo *Consejo Interterritorial do Sistema Nacional de Salud Pública* e a actualización das recomendacións sanitarias do *Comité Clínico* ao protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 publicadas pola Xunta de Galicia e que se poden consultar no seguinte URL: [Instrucións adaptación protocolo Covid-19 \(31-08-2020\)](#).

## **6. Uso do laboratorio como aula ordinaria**

Cando o laboratorio sexa usado como unha aula para impartir unha materia como é o caso do laboratorio de Xeoloxía coa materia de Xeoloxía aplicarase o recollido no documento “*Plan de adaptación á situación COVID-19 no curso 2020-2021 do IES As Telleiras*” e, nomeadamente, nos puntos 15 e 16 das instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo *Consejo Interterritorial do Sistema Nacional de Salud Pública* e a actualización das recomendacións sanitarias do *Comité Clínico* ao protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 publicadas pola Xunta de Galicia e que se poden consultar no seguinte URL: [Instrucións adaptación protocolo Covid-19 \(31-08-2020\)](#).

## 8. Planos dos laboratorios

